



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en outubro de 2024

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de outubro do ano 2024 acadou a cifra de 1.083.376 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de setembro de 2024 de 2.470 afiliacións (-0,23%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 21.332.513, rexistrando un incremento do 0,63% con respecto ao pasado mes de setembro.


Na comparativa interanual (outubro de 2024 con outubro de 2023) obsérvase un aumento de 15.523 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,45%) e un aumento do 2,47% (514.856 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de setembro de 2024, rexístrase un incremento das afiliacións en doce comunidades autónomas, sendo Comunitat Valenciana e Canarias (ambas cun 1,61%) as que experimentan o maior incremento; mentres que en cinco comunidades autónomas rexístrase un descenso das afiliacións, sendo Illes Balears (-5,41%) a que sofre o maior descenso. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias, Illes Balears e Madrid, con taxas interanuais superiores ao 3,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2024	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	21.332.513	134.307	0,63	514.856	2,47
Galicia	1.083.376	-2.470	-0,23	15.523	1,45
Andalucía	3.413.687	26.696	0,79	82.738	2,48
Aragón	619.220	4.204	0,68	11.930	1,96
Asturias	386.721	808	0,21	6.923	1,82
Illes Balears	603.398	-34.516	-5,41	19.922	3,41
Canarias	929.334	14.706	1,61	33.233	3,71
Cantabria	233.467	-748	-0,32	4.943	2,16
Castilla La Mancha	784.151	-4.320	-0,55	17.108	2,23
Castilla y León	989.111	4.419	0,45	19.884	2,05
Cataluña	3.802.849	15.658	0,41	88.177	2,37
Comunitat Valenciana	2.167.825	34.453	1,61	53.886	2,55
Extremadura	415.376	-2.847	-0,68	6.948	1,70
Madrid	3.727.091	52.861	1,44	118.662	3,29
Murcia	655.534	8.117	1,25	15.667	2,45
Navarra	312.744	2.917	0,94	4.585	1,49
País Vasco	1.020.760	13.151	1,31	12.092	1,20
La Rioja	140.264	1.072	0,77	2.953	2,15
Ceuta e Melilla	47.604	146	0,31	-318	-0,66

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social subiu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,15%, seguida de Pontevedra (1,02%), Lugo (0,78%) e Ourense (0,76%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de outubro con respecto ás do mes de setembro, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,23%. Pontevedra (-0,75%), Ourense (-0,47%) e Lugo (-0,40%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa, mentres que A Coruña (0,29%) presenta unha taxa de variación intermensual positiva.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2024	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	472.465	1.384	0,29	9.930	2,15
LUGO	126.516	-504	-0,40	976	0,78
OURENSE	106.880	-500	-0,47	808	0,76
PONTEVEDRA	377.515	-2.850	-0,75	3.809	1,02
GALICIA	1.083.376	-2.470	-0,23	15.523	1,45
ESPAÑA	21.332.513	134.307	0,63	514.856	2,47


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,43% das afiliacións galegas en outubro de 2024, experimentaron un descenso do 0,27% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,09%. En España estas taxas foron do 0,73% con respecto a setembro de 2024 e do 2,73% en relación ao mes de outubro de 2023. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,38%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa: Lugo (-2,14%), Ourense (-1,90%), Pontevedra (-0,08%) e A Coruña (-0,03%). A media da comunidade galega sitúase entón no -0,58%. Para este réxime e con respecto ao mes de setembro de 2024, baixan as afiliacións en Pontevedra (-0,20%) e Lugo (-0,16%), mentres que suben na Coruña (0,02%) e Ourense (0,02%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,08%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,20% e unha subida intermensual do 0,23%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a outubro de 2023, baixan as afiliacións en Lugo (-4,99%), Pontevedra (-4,71%) e A Coruña (-4,14%). A taxa galega acaba entón o -4,57%, inferior á de España (-1,11%). Con respecto a setembro de 2024, A Coruña (3,02%) e Lugo (1,88%) presentan unha taxa de variación intermensual positiva, mentres que Pontevedra (-1,24%) presenta unha taxa de variación intermensual negativa. A taxa galega amosa un incremento do 0,16% con respecto a setembro de 2024. A taxa nacional é do -3,65%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2024	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	472.465	0,29	2,15
LUGO	126.516	-0,40	0,78
OURENSE	106.880	-0,47	0,76
PONTEVEDRA	377.515	-0,75	1,02
GALICIA	1.083.376	-0,23	1,45
ESPAÑA	21.332.513	0,63	2,47
R. XERAL			
A CORUÑA	383.517	0,32	2,73
LUGO	94.103	-0,51	1,87
OURENSE	84.730	-0,59	1,48
PONTEVEDRA	298.144	-0,85	1,51
GALICIA	860.494	-0,27	2,09
ESPAÑA	17.885.028	0,73	2,73
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	83.756	0,02	-0,03
LUGO	31.033	-0,16	-2,14
OURENSE	22.150	0,02	-1,90
PONTEVEDRA	67.508	-0,20	-0,08
GALICIA	204.447	-0,08	-0,58
ESPAÑA	3.384.917	0,23	1,20
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.192	3,02	-4,14
LUGO	1.380	1,88	-4,99
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	11.862	-1,24	-4,71
GALICIA	18.435	0,16	-4,57
ESPAÑA	61.671	-3,65	-1,11

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>